



| Teaching Guide | | | | |
|---------------------|---|--------|--|---------|
| Identifying Data | | | | 2018/19 |
| Subject (*) | Clinical Placement III | Code | 661G01027 | |
| Study programme | Grao en Enfermaría | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Graduate | Yearly | Third | Obligatory | 18 |
| Language | Spanish | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | Ter superadas as Estancias Clínicas I e II para poder cursar esta materia. | | | |
| Department | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinador | Sanchez Álvarez, Carmen M ^a Moscoso Otero, Dulce | E-mail | carmen.sanchez@udc.es dulce.moscoso@udc.es | |
| Lecturers | Moscoso Otero, Dulce Sánchez Álvarez, Carmen María | E-mail | dulce.moscoso@udc.es carmen.sanchez1@udc.es | |
| Web | www.campusvirtual.udc.es/moodle | | | |
| General description | <p>Estadías Clínicas que corresponden ó nivel II ou intermedio da aprendizaxe práctica orientadas a adquisición de competencias por parte dos estudantes para seren capaces de colaborar cos equipos de enfermaría nos cuidados básicos aos usuarios con distintos problemas clínicos dende unha perspectiva de práctica científica, reflexiva e humanística. Relaciónase coas asignaturas da Área de Enfermaría que teñen como eixo central os Cuidados de Enfermaría en distintas situacións i etapas do ciclo vital. A incorporación dos estudantes ó medio hospitalario orientase cara a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes en situacións de cuidado real.</p> | | | |

| Study programme competences / results | |
|---------------------------------------|---|
| Code | Study programme competences / results |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |



| | |
|-----|--|
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Learning outcomes | | | |
|--|---------------------------------------|---|---|
| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
| Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou sociosanitario | A62 | B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10 B14 B22 | C1 C3 C4 C7 C12 |
| Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias ou grupos. | A62 | B1 B7 B9 B10 B11 B14 B15 B16 B22 B24 | C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 |



| | | | |
|--|-----|---|---|
| <p>Aplicar o PAE integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.</p> | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 | C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 |
| <p>Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das Institucións Sanitarias.</p> | A62 | B1 B6 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B20 B24 | C1 C3 C4 C7 C11 C12 |

| Contents | |
|----------|-----------|
| Topic | Sub-topic |



| | |
|--|---|
| <p>Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións hospitalarias, con rotatorios polas unidades medico-cirúrxicas, os quirófanos, as unidades de saúde mental e institucións sociosanitarias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Realización do ingreso de doentes segundo protocolo. - Manexo seguro do material estéril, material contaminado e punzantes, previndo os riscos. - Medición, avaliación e rexistro de constantes vitais e parámetros antropométricos. Realización e interpretación do EKG básico. - Realización de curas. - Asistencia e circulación no quirófano. Instrumentación básica. - Aplicación, segundo protocolo, de medidas de illamento (respiratorio, de contacto...) - Recollida de mostras biolóxicas para análise. - Axuda ó doente encamado nas actividades de autocoidado: hixiene, alimentación, eliminación e mobilidade. - Mobilización e asistencia ó doente para adoptar e manter distintas posicións, exercicios básicos para previr problemas derivados da inmovilidade prolongada. - Aplicación das medidas preventivas e de tratamento das úlceras por decúbito. - Preparación e administración de fármacos por vía oral, tópica, rectal, ótica, nasal, oftálmica, inhalatoria, vaxinal, subcutánea, intradérmica, intramuscular e intravenosa. - Realización de venoclisis e soroterapia. Mantemento. - Realización das técnicas básicas de fisioterapia respiratoria (clapping, aerosolterapia, drenaxe postural, tos asistida, uso de incentivadores...) - Aplicación de medidas para o mantemento da temperatura corporal dentro dos límites fisiolóxicos. - Realización de sondaxe vesical, rectal e nasogástrico. Mantemento. - Aplicación de oxigenoterapia. Mantemento e avaliación. - Adecuación da dieta do doente en función da súa doenza e tolerancia. Aplicación de coidados de alimentación enteral e/ou parenteral. - Realización de balances hídricos. - Realización e avaliación de glicemias. - Administración e mantemento de transfusións sanguíneas. - Realización de coidados postmortem. Relación de axuda e apoio ós familiares |
|--|---|

| Planning | | | | |
|-------------------------|--|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Problem solving | A62 B1 B3 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | 0 | 30 | 30 |
| Student portfolio | A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B19 B22 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | 0 | 2 | 2 |
| Introductory activities | A62 B1 B10 C11 | 1 | 0 | 1 |
| Seminar | A62 B1 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B20 | 3 | 15 | 18 |
| Oral presentation | A62 B1 B5 B8 B11 B14 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | 3 | 2 | 5 |



| | | | | |
|---|---|-----|----|-----|
| Clinical practice placement | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | 360 | 30 | 390 |
| Personalized attention | | 4 | 0 | 4 |
| (*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students. | | | | |

| Methodologies | |
|-----------------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Problem solving | <p>Actividade na que o estudante selecciona unha situación clínica concreta a fin de identificar e valorar os problemas de saúde para realizar unha planificación de cuidados individualizada.</p> <p>Terá que realizar un plano de cuidados individualizado no último dos rotatorios clínicos.</p> <p>Segundo a unidade de rotación, realizará un plano de cuidados médico ou cirúrxico.</p> |
| Student portfolio | <p>O portafolio do estudante constará de dúas partes:</p> <p>1- MEMORIA DE PRÁCTICAS, integrada pola valoración crítica das unidades de rotación, a avaliación da aprendizaxe e a autoavaliación do estudante mediante items normativizados. As suxerencias de mellora no que respecta a asignatura.</p> <p>2- DIARIO REFLEXIVO DE PRÁCTICAS, como exercicio de introspección respecto da experiencia clínica e valoración das perspectivas profesionais e persoais.</p> |
| Introductory activities | <p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no entorno hospitalario. Realizarase unha sesión na aula na que se explicarán tódolos aspectos precisos para o correcto desenvolvemento da materia.</p> <p>Especificaránse todos os traballos a entregar e datas de entrega, sistemas de avaliación e normas das tutorías personalizadas.</p> <p>Responderase, dentro do posible a todas as dúbidas dos estudantes con respecto á materia.</p> |
| Seminar | <p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema con técnicas de participación, discusión e elaboración de conclusións.</p> <p>Realizaranse dous seminarios obrigatorios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seminario sobre Historia Clínica Electrónica de 1 hora de duración. Previo á rotación polas unidades médicas. - Seminario Cirúrxico previo á rotación polos quirófanos do complexo hospitalario, ao obxecto de practicar unha aprendizaxe colaborativa no ámbito cirúrxico e de xeito teórico-práctico coñecer os requirimentos da actividade cirúrxica e preparar os rotatorios nestas unidades especiais. |
| Oral presentation | <p>O traballo realizado coa metodoloxía de Solución de Problemas no último rotatorio clínico, será presentado, en sesión conxunta de grupos seleccionados, de xeito oral con apoio audiovisual e rolda de preguntas finais.</p> <p>A presentación oral é obrigatorio e terá unha duración de 3 horas.</p> |
| Clinical practice placement | <p>As Prácticas Clínicas enténdense como un proceso de aprendizaxe no medio real onde ten lugar o exercicio da profesión enfermeira. Proporcionan o estudante a oportunidade de observar e participar nas actividades clínicas deseñadas para aplicar os coñecementos, principios e procedementos da práctica da enfermaría. Desenvolveráse en dous rotatorios de seis semanas de duración, cada un deles, que terán lugar nas unidades médico-cirúrxicas e de saúde mental do CHUAC. Estes rotatorios organizaráse en circuitos integrados (con inclusión dos quirófanos, laboratorios e hospitais de día) para permitir ó estudante abarcar o maior coñecemento posible sobre as unidades clínicas de rotación.</p> |

| Personalized attention | |
|------------------------|-------------|
| Methodologies | Description |
| | |



| | |
|--|---|
| <p>Clinical practice placement</p> <p>Problem solving</p> <p>Student portfolio</p> <p>Oral presentation</p> <p>Seminar</p> | <p>A atención persoalizada relacionada coa solución de problemas ten como finalidade orientar os estudantes na realización e presentación dos Planos de Coidados que teñen que realizar en cada rotatorio clínico. Farase de xeito individual ou en grupo e será preferiblemente presencial. Aínda que as consultas puntuales poderánse facer a través da páxina web da asignatura.</p> <p>A atención persoalizada relacionada co Portafolio do Alumno ten como finalidade dar unhas pautas orientativas na realización da Autoavaliación e do Diario Reflexivo de Prácticas Clínicas. A tal fin se colgarán os contidos orientativos na páxina web da asignatura e atenderáanse as consultas dos estudantes polo mesmo canal.</p> <p>A atención persoalizada relacionada cos Seminarios, ten como finalidade:</p> <p>1- Formar a os estudantes no uso da Historia Clínica Electrónica como recurso básico no desenvolvemento da actividade de enfermaría.</p> <p>2- Formar i entrenar aos estudantes nos usos máis habituales nas Salas Cirúrxicas previa ao seu rotatorio polos quirófanos. Farase mediante simulación teórico-práctica e sesión de preguntas, respostas, análise de situacións e conclusións.</p> <p>A atención persoalizada relacionada coa Presentación Oral ten como finalidade orientar os estudantes no uso da comunicación oral e os medios audiovisuais existentes. Poderá realizarse de xeito presencial o a través da páxina web da asignatura.</p> <p>A atención persoalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento i avaliación dos coñecementos, habilidades e actitudes que o estudante debe acadar. Se fará de forma individualizada e presencial a través das visitas que as profesoras realizan á unidade de prácticas clínicas, outras consultas poderánse facer de xeito virtual mediante o correo electrónico y/ou páxina web da asignatura.</p> |
|--|---|

| Assessment | | | |
|-----------------------------|---|--|---------------|
| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
| Clinical practice placement | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | <p>Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido polas profesoras da asignatura e segundo as normas da Escola. Como resultado do rotatorio clínico a Supervisora da Unidade de Práctica Clínica emitirá un informe que será valorado polas profesoras da asignatura para a nota final. Na elaboración do informe teranse en consideración os coñecementos, actitudes, habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do estudante. O estudante coñecerá a ficha de avaliación previamente ó comenzo da Práctica Clínica.</p> <p>Cada un dos rotatorios clínicos avaliarase de xeito individual, e a avaliación conxunta das practicas clínicas terá un peso do 50% na nota final da asignatura.</p> | 50 |



| | | | |
|-------------------|--|---|----|
| Problem solving | A62 B1 B3 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | <p>O traballo de Solución de Problemas realizado no último rotatorio avaliarase cos seguintes criterios que estarán especificados na rúbrica que consta no Cuaderno do Estudiante:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Presentación e capacidade de síntese do contido: máximo 1 punto2. Valoración por necesidades básicas: máximo 2 puntos2. Razoamento diagnóstico: relación entre manifestacións de dependencia e diagnosticos de enfermaría: máximo 2 puntos3. Determinación de prioridades, selección de problema ou problemas mais importantes tendo en conta o estado actual e os resultados esperados: máximo 2 puntos4. Selección adecuada de intervencións de enfermaría e avaliación do plano de cuidados segundo o planificado: máximo 2 puntos5. Bibliografía actualizada e adecuada ao tema tratado, citada no texto do traballo e con referencias Vancouver: máximo 1 punto <p>O peso do traballo na nota total da asignatura e do 30%. A súa presentación e obrigatoria.</p> | 30 |
| Student portfolio | A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B19 B22 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | <p>Entregarase, de xeito obrigatorio, ó finalizar os rotatorios clínicos. Avaliarase:</p> <ol style="list-style-type: none">1- A capacidade de síntese no análise da unidade clínica donde o alumno realizou o rotatorio. A claridade e corrección na redacción: ate 3 puntos2- A correcta cumplimentación de todos os items de autoavaliación e a capacidade autocrítica do estudante: ate 3 puntos3- A redacción, presentación, e razoamento reflexivo do Diario de Prácticas, así como a valoración persoal do estudante do seu paso pola unidade clínica e as súas expectativas con respecto a profesión enfermeira: ate 4 puntos <p>O peso total do Portafolio na nota final e do 5%.</p> | 5 |
| Oral presentation | A62 B1 B5 B8 B11 B14 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | <p>A presentación oral do traballo realizado ao final do último rotatorio é obrigatoria. Realizarase nas datas asinadas polas profesoras e avaliarase segundo os criterios que se relacionan a continuación e se especifican na rúbrica publicada no Cuaderno do estudante:</p> <ul style="list-style-type: none">- Calidade da presentación, clara, legible: máximo 2 puntos- Axuste ao tempo previsto de exposición: máximo 2 puntos- Capacidade de síntese, orde na exposición: máximo 2 puntos- Dominio dos contidos, exposición fluida, terminoloxía científica e nivel de contacto co auditorio: máximo 4 puntos <p>O peso da presentación oral na nota final da asignatura e do 5%.</p> | 5 |
| Seminar | A62 B1 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B20 | <p>A asistencia ao Seminario de Historia Clínica electrónica e Seminario Cirúrxico é obrigatoria.</p> <p>Se valorará a participación dos estudantes en cada un dos seminarios i eventualmente, poderán ter que realizar documentos de conclusións e/ou proba de coñecementos relacionados cos temas tratados en cada un dos Seminarios realizados.</p> <p>Cada un dos seminarios terá un peso na nota final da materia de un 5%. Polo que o peso total será de un 10%</p> | 10 |

Assessment comments



PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as Prácticas Clínicas correspondentes e obrigatorio estar matriculado oficialmente na materia Estadías Clínicas III e ter superadas as Estadías Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao en Enfermaría.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse dacordo á normativa xeral do Centro relativa as Estadías Clínicas. As ausencias serán recuperadas ao rematar os rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas, As profesoras publicarán o listado de recuperacións no taboleiro da Escola, ninguna recuperación fora de este listado será tida en conta. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

Para aprobar a materia e preciso superar de xeito independente totalas probas (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Presentación Oral, Seminario e Portafolios).

A non superación de unha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta.

A cualificación numérica obteráse establecendo un mínimo, segundo criterio do profesor, en cada unha das partes. O sistema de cualificacións expresaráse mediante numericamente de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que a ter en consideración ao avaliar as actividades que o estudante ten que realizar (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Presentación oral, Seminario e Portafolios) serán:

Asistencia, participación e compromiso individual/grupal, coherencia nos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, na solución de problemas e no Portafolio do alumno; así como as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio- xuño conservarán a súa cualificación para a convocatoria de xullo, pero será preciso a superación de todas as probas para alcanzar a cualificación definitiva.

Ao finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberan presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas.

Tendo en conta que as metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia, na que na maioría das actividades son presenciais ou relacionadas ca presenza en prácticas (práctica clínica, seminario, solución de problemas), e polo tanto non recuperables, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar: portafolios e presentación oral.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial, dado que a practica clínica e unha actividade presencial e non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.



| | |
|-----------------------------|---|
| <p>Basic</p> | <ul style="list-style-type: none"> - NANDA International 2011 (2011). ?Razonamiento Crítico para alcanzar resultados de salud positivos?. Ed. Elsevier-Masson. Madrid - NANDA International (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2015-2017. Ed. Elsevier. Madrid - Johnson, Marion et alter (2009). Interrelaciones NANDA, Noc, Nic. Diagnósticos enfermeros, resultados e intervenciones. Ed. Elsevier. Madrid - Alfaro-Lefevre, R. (2009). Pensamiento Crítico y Juicio Clínico en enfermería. Ed. Elsevier. Madrid - CHUAC (2008). Manual de Diagnósticos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.. - CHUAC (2008). Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.. - CHUAC (2008). Manual para Personal del Bloque Quirúrgico. <p>A Bibliografía básica para esta asignatura, ademáis da relacionada neste apartado, está relacionada coa das materias que se recomenda ter cursadas no momento de comenzar as Estancias Clínicas III. Ver o apartado 9 Recomendacións. E recomendable, ademáis, a consulta da páxina web: https://www.fisterra.com/</p> |
| <p>Complementary</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Kübler-Ross E. (1993). Sobre la muerte y los moribundos. Ed. Grijalbo. Barcelona - Bardají Fandós T. (2008). El diario reflexivo como herramienta de autoaprendizaje en la formación de enfermería . Revista Nursing, Agosto-2008; 26(7):52-8 <p>Bibliografía: que complementa os libros básicos da asignatura e que os docentes poden recomendar a través da páxina web da asignatura ó longo do curso académico.</p> |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Clinical Nursing (I and II)/750G01012
 Mental Health Nursing/750G01015
 Professional Ethics, Legal Framework and Philosophy of Care/750G01016
 Clinical Placement I/750G01025
 Clinical Placement II/750G01026
 Information and Communication Systems in Health Science/661G01004
 Cuidados Básicos en Enfermería/661G01006
 Fundamentos da Enfermería/661G01007
 Bases for the Interpretation of Scientific Knowledge/661G01008

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Clinical Nursing III/750G01017
 Gerontological Nursing/750G01020

Subjects that continue the syllabus

Clinical Placement IV/750G01028
 Clinical Placement V/750G01029
 Clinical Placement VI/750G01030
 Clinical Placement VII/750G01031
 Practicum/750G01032

Other comments



Segundo establece o Título de Grao en Enfermería e necesario ter superadas as Estancias Clínicas I e II para poder matricularse nesta materia.

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL, IMPORTANCIA DAS PERSOAS E IGUALDADE DE XÉNERO:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle ou correo electrónico, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe non sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.
- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.
- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.